



**Xunta de Persoal docente de Lugo  
20 de outubro de 2021 ás 10,00 h. na Sala de Prensa do  
Edificio Multiusos de Lugo**

Asisten: STEG, CIG, CCOO, Fete-UXT, ANPE e CSI-F coa presenza da Inspectora Xefa da Xefatura Territorial

Antes de comezar a reunión, a Inspectora Xefa desculpa a ausencia da Xefa Territorial por un imprevisto de última hora.

Comenta tamén que as xubilacións foron enviadas aos sindicatos e comenta que, por erro, hai 3 delas duplicadas.

**Incidencias de comezo de curso**

**Alumnado de Baamonde**

O STEG interésase polo feito de que a Consellería non recolla o alumnado de Baamonde matriculado en Parga para este curso, quedándolle de camiño ao bus do transporte integrado que fai ese traxecto todas as mañás.

A inspectora comenta que esa decisión correspóndelle a Movilidade, non a Educación e que é un alumnado que lle corresponde ao Concello de Begonte, non ao de Parga. Non hai parada nese lugar e di que se lle ofreceu poder subir se acudían á parada establecida para o alumnado de Parga.

O STEG xulga que a Consellería debería contribuír a facilitar a situación deste alumnado e das súas familias e non a entorpecela, favorecendo o seu transporte.

A inspectora comenta que nos dirixamos a Movilidade para tratar esta cuestión.

**Centro de Baleira, Cádavo**

Coméntaselle á Inspectora Xefa a situación da dirección, nomeada este ano ao chegar ao centro, de total desamparo pola escaseza de recursos, que impide a axeitada atención

ao alumnado con diversas necesidades que se encontra no centro.

A Inspectora Xefa comenta que o revisará.

### **Praza de Infantil no Fingoi nº 2**

Pregúntase pola suposta intención de non sacar a concurso unha das prazas de Infantil deste centro cara o CXT deste ano.

A Inspectora Xefa comenta que a dirección está por riba de catálogo e hai 3 unidades, hai previsión de que a matrícula sexa baixa e comenta que efectivamente non hai intención de sacala.

Dende os sindicatos replícase que a praza está no catálogo e debería ofertarse, ten lugar un debate ao respecto no que non se chega a un acordo ao respecto.

Ao respecto das reunións polas vacantes do CXT, a Inspectora informa que é a súa intención convocarnos á primeira reunión antes de que remate o mes.

### **Prazas con afíns en secundaria**

Dáselle traslado dende as oo ss á Inspectora Xefa de varios casos de prazas con afíns que xeran bastantes dúbidas, trasladando a necesidade de que exista algo máis de seguimento desta cuestión, dentro da discrecionalidade da que dispoñen os centros para ofertar a súa oferta de prazas, no camiño de evitar as lóxicas suspicacias que este tipo de situacións crean entre o profesorado e a comunidade educativa.

### **Recortes e imposibilidade de impartición de materias optativas nalgúns centros do rural**

Chámase a atención, entre outros, sobre centros como o de Sarria e Becerreá, onde os recortes e decisións sobre estes centros impiden a oferta de determinadas materias optativas.

A Inspectora Xefa fala de racionalizar os recursos e da imposibilidade de que o sistema sexa quen de asumir estas necesidades.

Neste punto, o STEG sinala que a racionalidade debería presidir tamén outras decisións, non só os recortes no profesorado. Sinalamos a este respecto a situación en precario do profesorado que chega aos centros a media xornada, ao abeiro do Plan Arco ou PROA: imposibilidade de axeitada coordinación no centro de destino, descontextualización destes apoios, descoñecemento do centro, incorporación tardía que impide a axeitada programación...Ao tempo, porén, sírvelle á Consellería para engrosar á alza as cifras de profesorado, incidindo nunha práctica -contratación por horas, precariedade- que xa ten amosado efectos nefastos noutros ámbitos como o da sanidade pública.

### **Centro Santo Anxo de Rábade**

Infórmansenos de que actualmente o centro conta con escasísimo alumnado (3) e que se está atendendo con profesorado da EPAPU de Albeiros (20 horas lectivas).

### **Outros**

A Xunta de Persoal pregunta se hai datos dos recortes do profesorado na provincia e a posibilidade de acceder a eles. A Inspectora Xefa explica que non dispón deses datos.

Trasládanse, igualmente, problemática de diversos centros relativas á falta de información sobre obras en curso ou pendentas de executáranse.

### **A Pinguela (Monforte)**

Coméntanse dende a Xunta de Persoal certos aspectos da distribución de grupos na FP deste centro.

O STEG, ao fío desta cuestión, sinala problemáticas parecidas do IES de Foz, onde o agrupamento de grupos da FP Dual coa ordinaria en períodos non coincidentes do curso - entre outras circunstancias- vén manifestándose desfavorábel para o desenvolvemento dalgúns deses ciclos e a actividade do alumnado e parte dese profesorado.

A Inspectora Xefa interesárase por esta cuestión.

## **Ceip Veleiro-Docampo**

O STEG sinala a carencia que, dende hai 2 anos -alomenos- vén padecendo o Ceip Veleiro-Docampo de Castro Riberas de Lea, sen conserxe, asumindo o equipo directivo e o profesorado as funcións desta figura. Pídese dende o STEG que a Consellería a través da súa Xefa Territorial se dirixa por escrito ou por outra canle ao Concello, para resolver con carácter de urxencia esta situación ou avanzar nela, sinalando a predisposición favorábel da Alcaldía así como a non tramitación desta cuestión por parte da Intervención de dito Concello. Finalmente, esta é unha situación que vén a dificultar e empeorar a actividade deste centro.

A inspectora Xefa toma nota e comenta que o falará coa Xefa Territorial para ver como se pode resolver esta situación.

## **Pedido de parecer sobre o último informe da RAG ao respecto da situación do galego no ensino.**

O STEG lamenta a ausencia da Xefa Territorial, pois tiña interese en coñecer a opinión que lle merece o último informe publicado pola RAG, ao respecto da nefasta situación da lingua galega no ensino, dispoñíbel na súa páxina web, onde se manifestan claramente, alén de posicionamentos ideolóxicos, a evolución negativa dos seus índices de uso e o lesivo que o Decreto de Plurilingüismo resultou para a nosa lingua. Afírmase que iso tampouco é un proceder racional á vista dos feitos e que merecería unha reflexión en todas as instancias que puidese promover un cambio a este respecto.

A Inspectora Xefa comenta que aínda non tivera oportunidade de lelo e que o fará, dándolle traslado ao resto de membros da Inspección.

A Inspectora Xefa abandona a reunión.

A Xunta de Persoal acorda trasladar por escrito varias das cuestións tratadas na reunión.

**Sen máis asuntos que tratar, péchase a reunión, sendo ás 12:05 h.**